

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 6/2013 DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 23/05/2013-

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

Mª TERESA SOBRABELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

Concelleiros ausentes:--

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria do Pleno Municipal ante a existencia de asuntos cuxo tratamento ante o Pleno da corporación non pode demorarse ata a convocatoria do próximo pleno ordinario do 30/05 e que se xustifica na convocatoria do pleno de hoxe.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- Aprobación, se procede, da modificación da finalidade do préstamo concretado no 2004.

2º.- Revisión das tarifas da piscina municipal de Rianxo

3º.- Aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2013.

4º.- Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora das terrazas no Concello de Rianxo.

5º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA FINALIDADE DO PRÉSTAMO CONCRETADO NO 2004.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< Visto o expediente sobre modificación da finalidade do préstamo concertado no exercicio 2004 nun importe de trinta e tres mil euros (136.685,65 €), que financiaba o proxecto de gasto "459.5F.600.00 Paseo

Marítimo”, do que o Concello desistiu, tramitado en virtude providencia dictada de data 16 de maio de 2.013 .

Sendo que ese crédito é necesario para facer fronte ás obrigas a cargo desta Corporación, relativas a inversión de outros investimentos, polo que é necesario un cambio na finalidade do préstamo concertado pola Corporación Municipal no exercicio 2004 coa entidade financeira Banco de Crédito Local;

A vista do certificado da intervención municipal.

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo concertado no exercicio 2004.

- inversións substituídas e que anteriormente eran a finalidade do préstamo.

Partida Orzamentaria	DENOMINACION DA PARTIDA á que se aplicou parte do préstamo 2004	IMPORTE do préstamo aplicado Euros.
432/5F/600.00	Paseo Marítimo	136.685,65 €
Total inversións finalizadas onde existía un exceso de financiación con préstamo		136.685,65 €

DENOMINACION DA PARTIDA á que se aplicará parte do préstamo 2004	IMPORTE do préstamo aplicado Euros.
	19.463,54 €
	23.458,50 €
Area recreativa e melloras en zona deportiva	
Centro socio cultural de Asados	6.262,54 €
Celosia en Peche lateral da Zona Deportiva do Colexio de Asados”	
“Adquisición de locais municipais”	87.501,07 €
Total inversións financiadas con préstamo para o que é necesario o cambio de finalidade do préstamo.	136.685,65 €

Segundo.- Que pola intervención municipal se proceda a incorporación de remanente de crédito, por importe de 136.685,65€, na partida de gasto correspondentes, con cargo a remanente de financiación para gastos con financiación afectada.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 20/05/2013, sendo este favorable.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que non intervén.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que a van a apoiar xa que é importante para poder afrontar a parte do concello nos proxectos cofinanciados por AGADER.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, manifesta o seu apoio á proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 4 votos en contra (os 4 do PP) e cero abstencións, dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

2º.- REVISIÓN DAS TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL DE RIANXO.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 10/05/2013.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da **TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**, no seu artigo 5º.- **Tarifas**, que queda cóa a seguinte redacción:

“Artigo 5º. Tarifas

A taxa a satisfacer ó Exmo. Concello de Rianxo ou empresa Concesionaria pola utilización das instalacións que a continuación se citan, axustaranse ás seguintes:

Tarifas:

1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)

TARIFAS	importe
1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)	
MATRICULA ABONADO	25,56 €
INSCRIPCIÓN CURSILLISTA NON ABONADO	20,45 €
EXCEDENCIA	25,56 €

Observacións:

- Os usuarios que ingresen na instalación e inscribese por primeira vez como socio-abonado ou se apunta a algunha das actividades acuáticas das que se oferten, aboará unha cota en concepto de matrícula polos custos administrativos de inscrición. Esta cota de alta é independente da cota mensual.
- Aquela persoa que cause baixa abonará unha cota de excedencia no momento de reincorporarse polos custos administrativos do tratamento da baixa e alta.
- Toda persoa que se abone pagará o mes completo independentemente da data que se dea de alta.

2.-Socio – Abonado (tarifa mensual)

TARIFAS	importe
2,-Socio- Abonado (tarifa mensual)	
INSCRIPCIÓN ADULTO	25,56 €
INDIVIDUAL MENOR DE IDADE	16,35 €
INDIVIDUAL HORARIO DE MAÑÁ	15,32 €
INDIVIDUAL XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO *	12,26 €
FAMILIAR (unidade familiar con fillos menores de idade)	30,66 €
* POR FILLO ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS	9,19 €

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:
 1. Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
 2. Zona SPA e zona e relaxación
 3. Sala de Fitness
 4. Actividades físico- deportivas dirixidas
 5. Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.
- Socio- Abonado FAMILIAR:
 1. Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
 2. Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumplan os 18 anos.
 3. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.
 4. Para acollerse o abono de socio Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O troco de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.
- Socio- Abonado nas categorías de : ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS OU PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO:
 1. Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.
 2. No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60? anos , ou presentar xustificante de ser pensionista.
 3. Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.
 4. Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

3.- Entradas puntuais : (tarifas por entrada puntual- sesión)

3.- Entradas Puntuais- sesión (tarifas por entrada puntual- sesión)	importe
PISCINA	5,10 €
PISCINA: COLECTIVOS ESPECIAIS * E INFANTIL	3,05 €
SALA FITNESS: ADULTO	6,12 €

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

4.-Reservas : (tarifas por hora)

4.- Entradas Puntuais - reservas- (tarifas por hora)	importe
USO DUNHA RÚA DA PISCINA 1 HORA	21,46 €
USO DA PISCINA PARA COMPETICIÓN / 1 HORA	297,45 €

Observacións:

- A tarifa correspóndense coa reserva- aluguer dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

5,- Actividades acuáticas (Tarifa mensual)	ABONADOS	NON ABONADOS
4,-1) INFANTIL E MOZOS/ AS		
1 DÍA/ SEM.	9,19 €	18,39 €
2/ DÍAS/ SEM	17,38 €	34,76 €
4,-2) ADULTOS		
1 DÍA/ SEM.	9,19 €	18,39 €
2/ DÍAS/ SEM	17,38 €	34,76 €
3/FÍAS/ SEM	24,53 €	49,07301
4,-3) BEBÉS		
1 DÍA/ SEM.	12,26 €	24,53 €
4,-4 CURSOS INTENSIVOS VERÁN		
1 DÍA/ SEM.	18,39 €	36,80 €

Observacións:

- Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios-abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todos as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa Concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda en cada momento

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2013.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de setembro de 2013.”

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 20/05/2013, sendo este favorable.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, avanza que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que é obrigatorio segundo o contrato coa concesionaria, actualizándose neste intre nun 2,9%. Aínda así di que o incremento nas tarifas é mínimo xa que por unidade familiar a suba é de 0,86 centimos de euro. O abono mensual dun adulto sube en 0,72€ e segue a preverse descontos para xubilados e estudantes. Engade que o bo funcionamento da piscina é posible porque o concello aporta uns 50.000€. Resalta que dos 2.000 usuarios que se estimaron no estudo da concesión da piscina realmente pagan uns 800 xa que fundamentalmente son unidades familiares. En calquera caso o incremento é necesario e obrigatorio.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que como a suba determínase na lei que é o contrato vanna a aprobar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 4 abstencións (os 4 do PP) e cero votos en contra, dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2013.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< Ante a necesidade de facer o recoñecemento de obrigas de exercicios pechados para proceder o seu pago, xa que no seu momento non foron recoñecidas as correspondentes obrigas , por importe de 14.154,06 €.

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 16 de maio de 2.013, que conclúe: “Corresponde ao Pleno da Corporación o acordo de recoñecemento de crédito extraxudicial, das obrigas do presente expediente, por non existir crédito adecuado aínda que si suficiente no orzamento do exercicio 2012. Este acordo suporía a habilitación do crédito nas aplicacións orzamentarias indicadas e o recoñecemento extraxudicial das obrigas que se reflicten a continuación:

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito.”

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primero: Aprobar o recoñecemento extraxudicial 2/2013 de crédito, por importe total de euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados pero dos que a imputación orzamentaria ó correspondente exercicio non se realizou e procede a realizarse no exercicio 2012, conforme o seguinte detalle:

	Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Partida	Importe
1	1120412117532,00	1491	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Xulgado de Paz. Abril 2012	2012.0.920.0.22100	86,06 €
2	3120410324884,00	1606	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Dependencias C.Arriba. Maio 2012	2012.0.920.0.22100	62,45 €
3	3120410325055,00	1607	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Centro Cultural Sestelo. Maio 2012	2012.0.920.0.22100	103,45 €
4	1120412812014,00	1620	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Auditorio. Maio 2012	2012.0.330.0.22100	1.036,24 €
5	1120512075310,00	1623	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Xulgado de Paz. Maio 2012	2012.0.920.0.22100	74,09 €
6	3120610340529,00	1701	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo Taragoña. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	145,52 €
7	3120510348228,00	1702	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Polideportivo Taragoña. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	206,08 €
8	3120610346345,00	1703	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol de Vilas. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	411,77 €
9	3120510361451,00	1704	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol de Vilas. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	483,68 €
10	3120610276261,00	1705	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Campo Fútbol ALomba. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	516,60 €
11	3120510355639,00	1706	Union Fenosa Comercial, S.L.	2012.0.312.0.22100	218,44 €

			Alumeado. Clínica de Taragoña. Xuño 2012		
12	3120510355608,00	1719	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Ana MªDiéguez. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	427,42 €
13	3120510358994,00	1720	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Brea Segade. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	863,59 €
14	3120510397108,00	1721	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Castela. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	1.220,18 €
15	3120510406257,00	1722	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Museo do Mar. Xuño 2012	2012.0.330.0.22100	276,06 €
16	3120510407714,00	1723	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Galescola. Xuño 2012	2012.0.321.7g.22799	157,95 €
17	3120610341019,00	1724	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Castela. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	1.074,18 €
18	3120610343824,00	1725	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Ana MªDiéguez. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	324,16 €
19	3120610345254,00	1726	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Brea Segade. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	837,72 €
20	3120610345729,00	1727	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Museo do Mar. Xuño 2012	2012.0.330.0.22100	226,50 €
21	3120610346478,00	1728	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado escolas. Galescola. Xuño 2012	2012.0.321.7g.22799	157,95 €
22	3120510402781,00	1729	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Dependencias Campo Arriba. Xuño 2012	2012.0.920.0.22100	65,01 €
23	3120610322713,00	1730	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Cuartel Vello. Xuño 2012	2012.0.330.0.22100	282,28 €
24	3120610343955,00	1731	Union Fenosa Comercial, S.L. Alumeado. Dependencias Campo Arriba. Xuño 2012	2012.0.920.0.22100	65,01 €
25	1120612607868,00	1735	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Polideportivo de Rianxo. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	378,63 €
26	1120612319116,00	1736	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Recadación. Xuño 2012	2012.0.934.0.22100	36,87 €
27	1120612263993,00	1738	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Club(s) Remo/ Piragüismo. Xuño 2012	2012.0.340.0.22100	283,71 €
28	1120612247672,00	1740	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Xulgado de Paz. Xuño 2012	2012.0.920.0.22100	60,28 €
29	1120512535919,00	1741	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Leiro. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	64,92 €
30	1120512663113,00	1742	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Vilar. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	5,91 €
31	1120610021195,00	1743	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Brión. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	20,24 €
32	1120610105864,00	1744	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Vacariza. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	17,48 €
33	1120610974369,00	1745	Gas Natural S.U.R.	2012.0.321.0.22100	379,26 €

			Alumeado escolas. Isorna. Xuño 2012		
34	1120611566343,00	1746	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Cubide. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	133,19 €
35	1120611609238,00	1747	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Outeiro. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	371,96 €
36	1120611618442,00	1748	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Contres. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	350,01 €
37	1120611663642,00	1749	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Buhía. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	49,35 €
38	1120611693038,00	1750	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Cruz. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	178,33 €
39	1120611939678,00	1751	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Asados. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	401,24 €
40	1120612023751,00	1752	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Burés. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	19,25 €
41	1120612354397,00	1753	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Pazo. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	55,27 €
42	1120612378740,00	1754	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Pazo. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	9,78 €
43	1120612529324,00	1755	Gas Natural S.U.R. Alumeado escolas. Leiro. Xuño 2012	2012.0.321.0.22100	89,21 €
44	1120512736289,00	1756	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Auditorio. Xuño 2012	2012.0.330.0.22100	1.031,05 €
45	1120612634943,00	1757	Gas Natural S.U.R. Alumeado. Auditorio. Xuño 2012	2012.0.330.0.22100	895,73 €
					14.154,06 €

Segundo: Que tal recoñecemento extraxudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.

Terceiro: Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 20/05/2013, sendo este favorable.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que as facturas que se traen corresponden a dúas empresas como son Gas Natural e Union FENOSA. Algunha factura non se aceptou nun primeiro momento ata que se verificou que lle corresponde ao concello. Comenta que houbo facturas que se reclamaron ás empresas e que, sen embargo, non se tiñan que facturar ao concello.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que hai que aprobalas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por 9 votos a favor (6 dos membros do BNG e 3 dos do PSdeG-PSOE) con 4 abstencións (os 4 do PP) e cero votos en contra, dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS NO CONCELLO DE RIANXO.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< Sendo preciso contar cunha Ordenanza reguladora das terrazas anexas a establecementos que se coloquen no Concello de Rianxo co fin de determinar os límites e condicións do uso común especial do dominio público na maior parte delas e á vez acadar unha homoxeneidade deste tipo de instalacións, elaborouse un texto ao efecto.

Incorporado o día 02/04/2013 o informe de Secretaria sobre os trámites procedimentais.

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das terrazas no Concello de Rianxo, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicarase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

Cuarto: Comunicar esta transposición normativa á Comisión Europea a través da Xunta de Galicia.

ANEXO

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS NO CONCELLO DE RIANXO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos vense apreciando que a cidadanía elixe as terrazas como alternativa de ocio e reunión fronte a outras máis tradicionais, experimentando un claro incremento trala prohibición de fumar en lugares pechados. Ante esta realidade xorde a necesidade de establecer un marco regulador homoxéneo e axeitado ás peculiaridades deste concello.

Polo exposto elaborouse esta ordenanza que ten en conta o disposto na normativa relativa a accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, a orde ministerial VIV/561/2010, de 1 de febreiro (BOE 11/03/2010) así como a Lei do parlamento de Galicia 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras (DOGA 29/08/1997) e o Decreto da Xunta de Galicia 35/2000 (DOGA 29/02/2000).

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable á instalación e funcionamento das terrazas, con ou sen pechamento estable e quioscos de hostalería, con excepción dos recintos de feiras e festexos populares que se autoricen con motivo da celebración de festas, que se rexerán pola súa ordenanza municipal específica.

Artigo 2. Tipos de instalacións autorizables

Para os efectos desta ordenanza, as instalacións autorizables defínense da seguinte forma:

Terrazas ordinarias: son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento ou a un quiosco permanente. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado. Nos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados de edificios exclusivos de uso terciario, tales como hoteis ou centros comerciais, tamén poderán situarse nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores.

Terrazas con pechamento estable: son terrazas pechadas no seu perímetro e cubertas mediante elementos desmontables que se encontran en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal.

En calquera caso, nas terrazas soamente poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que no establecemento ao que están vinculados.

Artigo 3. Ámbitos de aplicación da ordenanza

Para os efectos desta ordenanza establécense dous ámbitos claramente diferenciados no que a algúns aspectos se refire:

3.1 **Zona con protección:** Trátanse os espazos comprendidos nas seguintes áreas:

- a) Todo o ámbito delimitado da Área de Rehabilitación Integral de Rianxo, Fincheira e Rianxiño
- b) os espazos clasificados pola normativa urbanística como de solo de núcleo rural tradicional
- c) os espazos que sen estar clasificados como no epígrafe anterior se atopan situadas en ámbitos de edificacións tradicionais ou dentro da distancia de protección establecida por Patrimonio para os cruceiros, hórreos, elementos arqueolóxicos, pazos, igrexas ou capelas.

3.2. **Zona sen protección:** Comprende o resto do territorio do concello de Rianxo.

Artigo 4. Normativa aplicable

Alén do establecido expresamente na presente ordenanza, as terrazas cumprirán coa normativa vixente sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, así como á de normativa de protección do patrimonio, ás normas de aplicación directa da lei do solo e ao planeamento vixente, e demais normativa que fora de aplicación, polo que as súas determinacións serán plenamente esixibles aínda cando non se faga expresa referencia a elas nesta ordenanza.

Artigo 5. Autorizacións

5.1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. O documento de autorización de terraza, o seu plano de detalle da terraza autorizada e as homologacións dos elementos instalados, ou unha fotocopia destes documentos, deberán encontrarse no lugar da actividade, visibles para os usuarios e veciños, e a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Municipal.

5.2. Esta autorización incluírá a licenza demanial de ocupación de terreos, cando sexan obxecto de ocupación terreos de titularidade pública. Isto sen prexuízo de que o interesado solicite a correspondente licenza urbanística cando a terraza precise de pechamentos estables.

5.3. A autorización aprobada por órgano competente emitírase en modelo oficial e deberá incluír as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, os toldos e antucas e as súas características, o horario que se solicita e as limitacións de índole ambiental ás que queda condicionada. Todos estes aspectos serán recollidos na proposta que realizará o departamento tramitador e que se remitirá á secretaría para a súa concesión polo órgano competente. Xunto coa autorización deberá figurar copia do plano polo miúdo da instalación que serviu de base á súa concesión, co carimbo municipal e rúbrica, así como as homologacións dos elementos instalados.

5.4. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outra, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as ditas circunstancias. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración concedente en calquera momento por razóns de interese público cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. En ámbolos dous supostos non se xera dereito a indemnización ningunha, correndo por conta do titular da terraza os gastos de desmontaxe e posterior montaxe.

5.5. As autorizacións non impedirán á utilización ou reparación das bocas de rega, tapas, rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

5.6. Tódalas autorizacións enténdense concedidas sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.

Artigo 6. Carencia de dereito preexistente

6.1. Nas instalacións que se soliciten en terreos de titularidade e uso público, en virtude dos principios de non alleamento non prescrición dos bens de dominio público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada non outorga dereito ningún á súa concesión. O Concello, considerando todas as circunstancias reais ou previsibles, poderá conceder ou denegar a autorización, facendo prevalecer o interese xeral sobre o particular.

6.2. Nas instalacións que se soliciten en terreos de titularidade e uso privado, o órgano competente, considerando as circunstancias reais ou previsibles e tendo en conta o carácter regrado deste tipo de autorizacións, deberá concedelas ou denegalas motivadamente, xa que logo a actividade á que está vinculada vaise estender fora dos límites do local orixinal.

Artigo 7. Horarios

7.1. As autorizacións poderán ser anuais ou trimestrais iniciándose a tempada o 01 de xaneiro e coincidindo os trimestres cos naturais desde esa data.

No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.

7.2. O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será:

a) de xuño a setembro: ata as 2,00 horas da madrugada

b) de outubro a maio: ata as 0:00 horas entre semana e ata as 01:00 horas os venres, sábados e vésperas de festivos.

c) con autorización previa, os horarios poderán ser prorrogados os días de festa.

7.3. O horario de funcionamento das terrazas con pechamentos estables será o mesmo fixado no apartado anterior. poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía.

7.4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía.

Artigo 8. Limitación de niveis de transmisión sonora

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na lexislación vixente.

Artigo 9. Seguro de responsabilidade civil

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e de incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da instalación, ou terraza, acorde ao aforo do total do establecemento, as vías de evacuación, os accesos para o servizo de extinción de incendios, etc..

Artigo 10. Condicións de deseño, homologacións e publicidade

10.1. Nas zonas de protección definidas no artigo 3 desta ordenanza as características das terrazas serán acordes co ambiente, polo que non se permitirá ningún tipo de mobiliario realizado con elementos plásticos ou de pvc, nin a utilización de cores vivas ou publicidade agresiva.

10.2. Nas zonas con protección a publicidade nos elementos de mobiliario urbano instalados nas terrazas queda limitada a nomes e logotipos proporcionais e discretos, permitíndose a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas, con un deseño e dimensións cuxo bosquejo será previamente supervisado polos técnicos municipais.

10.3. Nas terrazas que se sitúen en solo de titularidade e uso público e nas que se instalen en solo privado que sexan visibles desde a vía pública, os elementos de mobiliario urbano ao servizo da instalación deberán pertencer a tipos previamente homologados.

10.4. O Concello abrirá un período para que se presenten os distintos modelos de mobiliario de terrazas co fin de que sexan homologados.

Artigo 11. Condicións de uso das instalacións

11.1. Os titulares das autorizacións ou concesións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para este fin, estarán obrigados a dispor dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.

11.2. Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou amorear produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas nin fóra da instalación dos pechamentos estables de terrazas, nin dos quioscos

permanentes. Tampouco se permitirá almacenar nin amorear cadeiras ou mesas. A tal efecto, os establecementos disporán de almacéns en local pechado.

11.3. O espazo autorizado á terraza deberá estar sempre ben delimitado, tanto con pechamentos, tarimas, biombos, xardineiras ou outros elementos que cumpran esta función, como con fitos que colocará o Concello, costeando o propietario a instalación da terraza, naqueles casos nos que non existan outros elementos de delimitación do espazo. Tamén poden ser delimitados os espazos polo propio deseño do pavimento público existente (liñas de pedra, tipos de pavimento diferenciado, por exemplo).

Artigo 12. Condicións dos fornecementos

12.1 No caso dos establecementos estables ou quioscos públicos as acometidas de auga, saneamento e electricidade deberán ser soterradas e realizarse cumprindo a súa normativa reguladora, sen prexuízo das esixencias derivadas da normativa para o exercizo ou actividade.

12.2. Os contratos de servizos para estas acometidas correrán por conta do titular da autorización ou concesión e deberán celebrarse coas compañías fornecedoras do servizo.

Artigo 13. Condicións hixiénico-sanitarias e de consumo

As instalacións reguladas nesta ordenanza deberán manterse en adecuadas condicións hixiénico-sanitarias.

Artigo 14. Fianza

14.1. Será precisa a constitución dunha garantía para responder das posibles deterioracións que se poidan causar ao dominio público e ás súas instalacións, cando así se considere polo departamento de urbanismo.

14.2. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do solo ocupado.

TÍTULO I

Terrazas

Capítulo 1

Condicións técnicas para a instalación

Artigo 15. Restriccións pola actividade á que se adscriba

15.1. Soamente se concederá autorización para a instalación de terrazas cando sexan accesorias a un establecemento principal de hostalería ou análogo.

15.2. Aos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados en edificios exclusivos de uso terciario poderáselles autorizar igualmente a instalación de terraza tanto nos espazos libres de parcela de titularidade privada como nos patios interiores privados.

Artigo 16. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza

16.1. As terrazas que pretendan instalarse en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Con carácter xeral, a largura libre de paso non poderá ser inferior a 1,5 mts., respectándose un itinerario de forma continua, evitando quebras ao longo dunha liña de quinteiro. Con informe motivado previo, e con carácter excepcional, poderase autorizar a redución da largura libre de paso ata 1,20 mts.

b) Algunha das fachadas do establecemento deberá dar fronte ao espazo proxectado para a instalación da terraza, agás en espazos peonís.

16.2. Cando o grao de inclinación da rúa o aconselle instalaranse tarimas sobre as que se ha situar o mobiliario da terraza. Estas tarimas serán de madeira tratada para ser instalada no exterior e axustaranse ás prescricións recollidas nesta ordenanza. En ningún punto presentarán un desnivel con respecto á rúa que supere os 30 centímetros de alto polo que, se a inclinación da rúa obriga a iso, poderán ser graduais. Os biombos e elementos de seguridade estarán ancorados á tarima.

Abrírase un período para homologar modelos de tarimas e tamén se elaborará un plano indicativo dos espazos ocupables por terrazas no que se especificarán as zonas onde se poderán instalar tarimas e as zonas onde non se permitirán.

16.3. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.

16.4. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supor a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto medioambiental, as solicitudes de novas instalacións ou as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.

16.5. En rúas peonís deberase contar co informe favorable do servizo de extinción de incendios. Nos casos en que para atender a terraza se deba cruzar unha rúa con circulación rodada, soamente se autorizará se conta co informe favorable do servizo de tráfico.

Artigo 17. Modalidades de ocupación

A ocupación de solo de titularidade e uso público con terrazas axustarase ás seguintes modalidades e condicións:

a) Se a terraza se situase xunto á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá rebordar a porción desta ocupada polo establecemento.

b) Se a terraza se situase na liña de bordo da beirarrúa ou en unha rúa peonil sempre que estea colocada separada das fachadas, a súa lonxitude poderá superar o largo do establecemento.

c) Permitirase a implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo no mesmo tramo de beirarrúa sempre que se deixe un paso cunha largura dous metros como mínimo, que poderá ser ampliado se así o consideran conveniente os técnicos municipais.

d) Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar a lonxitude da fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos dous lindeiros a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 1,50 metros, que se repartirán entre as dúas terrazas.

No caso de que se abra un novo establecemento de hostalería e que a súa fachada estea ocupada, en todo ou en parte, por unha terraza autorizada anteriormente a outro establecemento lindante, ambos establecementos deberán suxeitarse ao previsto no parágrafo anterior cando se proceda á renovación do permiso de terraza xa autorizada.

Cando se sitúe dentro de unha beirarrúa, a distancia dos elementos de mobiliario urbano ao bordo da beirarrúa será, como mínimo, de 0,50 metros, podendo reducirse ata 0,30 metros cando haxa unha barreira de protección con altura mínima a das mesas.

e) Cando se trate de rúas e espazos peonís, a terraza poderá situarse acaroada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de dez metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos propietarios afectados.

f) O largo das terrazas obterase de acordo co artigo 16. Se os establecementos se encontraran enfrontados, o largo ocupado por ambas non superará os valores indicados no citado artigo.

g) Cando entre a terraza e o establecemento existe unha vía de circulación rodada, poderá colocarse unha instalación de apoio que restrinja ao máximo a necesidade de que o persoal do establecemento se vexa obrigado a cruzar a calzada.

A instalación de apoio ten carácter de instalación auxiliar para facilitar o desenvolvemento da actividade. Servirá exclusivamente de soporte aos elementos de enxoval e aos produtos destinados ao consumo na terraza. Non poderá utilizarse como barra de servizo, para realizar funcións de cociñado, elaboración ou manipulación de alimentos, nin dedicarse a ningún outro uso que desvirtúe o seu carácter estritamente auxiliar. A instalación será empregada unicamente por camareiros e persoal da terraza e non se permitirá atender desde ela ao público en xeral.

As dimensións máximas da instalación serán de 2,50 metros de longo por 1,50 metros de largo, non podendo superarse en ningún punto un metro de altura; admitirase a instalación de teito cunha cota máxima respecto ao solo de 2,50 metros e sen pechamentos laterais por encima da súa altura máxima.

Non se autorizará en ningún caso a colocación de equipos de son ou vídeo nin de elementos ornamentais de calquera índole.

Non poderá dispor de equipos de lavado mecánico, vertedoiro con sistema de acción non manual, billas para o fornecemento de bebidas e equipos de conservación de produtos.

Queda prohibida a almacenaxe de elementos fóra da instalación de apoio.

h) As terrazas poderán instalarse en zonas da calzada da vía pública sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns.

i) En caso de colocación de terraza en zonas de estacionamento situadas a distinto nivel da beirarrúa, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan, colocarase unha tarima debidamente sinalizada e que cumpra requisitos de accesibilidade. En todo caso haberá que preservar as zonas de paso de peóns.

j) Nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen a criterio da Policía, procederase a denegar o permiso de instalación da terraza.

Artigo 18. Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

a) Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

b) O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 2,00 x 1,60 metros.

Autorizaranse módulos dunha mesa e dúas cadeiras de 2,00 x 0,80 metros cadrados ou unha mesa alta con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados.

c) As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

d) Dentro do ámbito da Área de Rehabilitación poderanse instalar toldos de acordo coa gama RAL establecida ao efecto, e que se achega como anexo. Fóra do ámbito da ARI, os toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana e terán sempre posibilidade de seren recollidos mediante fácil manobra. As cadeiras, mesas, antucas ou demais elementos non poderán ser de plástico ou pvc. Queda prohibido o pechamento cego das superficies verticais do seu perímetro. Non poderán ter maior dimensión de tres metros de fondo, agás na Praza de Castelao e Praza Virxe de Guadalupe, e respectarán sempre o arboredo existente.

e) Admítese a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos e antucas, de modo proporcional e baixo a supervisión previa dos técnicos municipais, para o que se presentará un bosquejo a escala.

f) Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios nin dificultar as manobras de entrada ou saída nas pasaxes permanentes. Cando a terraza se coloque acaroadá á fachada deberán deixarse libres, cando menos, 0,60 metros desde as couzoeiras das portas. Nestes espazos non poderá colocarse tampouco mobiliario accesorio.

g) Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeado para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

h) Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, fútbol de mesa ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos.

i) A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

- As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.
- As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu largo.
- As saídas de emerxencia en todo o seu largo.
- Respectarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumeado que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

j) Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

k) O mobiliario deberá ser retirado da vía pública ao finalizar o horario de funcionamento do establecemento, agás o toldo e a tarima, cando estean autorizados. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización se esta é de tempada.

l) Cumprírase todo o indicado na normativa en materia de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Artigo 19. Equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo

Unicamente se autorizarán actuacións en directo nas terrazas amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais por aprobación expresa da Alcaldía, mediante decreto motivado, previo informe da Policía Local e con carácter puntual.

Artigo 20. Particularidades para a instalación de terrazas en espazos libres privados

A instalación de terrazas en espazos libres privados someterase, ademais de ás sinaladas nos artigos 15 a 19 desta ordenanza, ás seguintes determinacións:

a) En caso de que as actividades descritas no artigo 15 desta ordenanza se desenvolvan en espazos privados, permitirase a instalación de terrazas en toda a zona do espazo libre privado de parcelas.

b) Permítese a disposición de calquera tipo de quiosco ou instalación de apoio na superficie libre de parcela agás no ámbito da Zona con Protección, onde deberá ser autorizado pola Comisión Territorial de Patrimonio, que

poderá denegar o permiso para a instalación de calquera elemento fixo por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito.

c) A instalación de terrazas en espazos privados non deberá diminuír as condicións de evacuación por debaixo dos mínimos regulamentarios. O solicitante deberá presentar un estudo xustificativo de evacuación no que se teñan en conta as dimensións e mobiliario da súa terraza e a súa incidencia sobre a do conxunto do local, ata a rúa.

Capítulo 2

Condições específicas para a instalación de terrazas con pechamentos estables

Artigo 21. Modalidades de ocupación

21.1. Condições xerais dos pechamentos estables: soamente se permitirá un pechamento estable uniforme por local ou establecemento mais admitirase a implantación simultánea dunha terraza sen pechamento e doutra cun pechamento estable para un mesmo establecemento. A altura exterior máxima da estrutura non superará en punto ningún os 275 centímetros, pero en ningún punto terá menos de 220 centímetros. En un lugar visible indicará o aforo máximo autorizado polo Concello.

21.2. Pechamentos estables acaroados á fachada: os paramentos estables acaroados á fachada do establecemento so poderán ocupar a lonxitude da fachada do establecemento, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a distancia entre a parte inferior dos ocios do primeiro andar e o pechamento non sexa inferior a 150 centímetros, como prevención de propagación de un incendio da terraza ás vivendas.

b) Que as condicións de seguridade, tanto do inmovible como do contorno, non se vexan afectadas pola presenza da instalación.

c) A súa colocación no deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais onde se instale.

A disposición dos pechamentos será homoxénea ao longo de toda a rúa.

21.3. Pechamentos estables separados das fachadas, situados en prazas, rúas peonís ou beirarrúas:

- Pechamentos estables en beirarrúas: a lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza con pechamento estable nunha beirarrúa, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada repartíndose o resto do espazo de forma equitativa. Este tipo de pechamentos estables soamente poderán ser autorizados en beirarrúas con máis de 4,50 m. de largo e 10,00 m. de lonxitude.

- Pechamentos estables en prazas e rúas peonís: con carácter xeral, os pechamentos estables poderán manter unha separación máxima de dez metros con respecto á fachada do establecemento. A lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. O largo das instalacións obterase de acordo co exposto no artigo seguinte. A disposición dos pechamentos nos espazos peonís deberá ser homoxénea.

21.4. Os establecementos situados nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores tamén poderán instalar pechamentos estables.

21.5. Nas zonas con protección soamente poderán ser autorizados aqueles pechamentos que autorice a Comisión Territorial de Patrimonio, que poderá denegar o permiso por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito. En todo caso, quedan prohibidos como materiais o aluminio, o pvc e demais plásticos, considerándose como material idóneo a madeira tratada ou mesmo que unicamente sexa de vidro.

Artigo 22. Condições do espazo no que se pretende situar

Concederase autorización para a instalación de terrazas con pechamentos estables cando estean situadas en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores e cumpran as condicións específicas seguintes:

a) Nas beirarrúas o largo mínimo do espazo de tránsito peonil, libre totalmente de obstáculos, será igual ou superior a 2 metros.

b) Nos paseos, xardíns e prazas o largo mínimo do espazo de tránsito peonil, libre de obstáculos será igual ou superior a 4 metros.

c) A ocupación terá unha aliñación constante evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro.

d) Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dun pechamento poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil.

Artigo 23. Condições para a instalación do pechamento estable e do seu mobiliario

23.1. As terrazas con pechamentos estables que se pretendan instalar dentro de unha zona con protección han de ser autorizadas pola Comisión Territorial de Patrimonio, previa presentación de documentación gráfica suficiente, pero en todo caso non se permitirá a utilización de elementos de aluminio, plásticos ou pvc para ningunha parte da instalación,

nin estrutura ou armazón, nin marcos, nin apoios. Poden ser, pola contra, de aceiro, madeira, vidro, sendo a madeira tratada ou o propio vidro sen estrutura os aconsellables.

23.2. Cando a concentración de pechamentos poida xerar un grave impacto ambiental, as solicitudes para novas instalacións ou renovacións correspondentes serán resoltas conxuntamente, establecendo as condicións ou restricións que se consideren adecuadas.

23.3. Os elementos de mobiliario urbano que se instalen estarán suxeitos ás seguintes prescricións:

- a) O pechamento estable e os elementos de mobiliario instalados no seu interior deberán estar homologados.
- b) Non se permite a colocación de ningún elemento no exterior do pechamento, nin fixado nin colgado del.
- c) Nos pechamentos estables acaroados á fachada admítase a instalación de reixas de conduto de aire acondicionado con prolongación dos condutos interiores cumprindo o réxime de distancias recollido na normativa vixente.
- d) No resto de supostos de pechamentos estables os equipos de aire acondicionado instalaranse no seu interior e as reixas cumpriran coa normativa municipal vixente en materia ambiental.
- e) Os pechamentos estables poderán dispoñer de climatización e calefacción.

23.4. As terrazas con pechamentos estables non acaroadas á fachada do establecemento poderán dispoñer da correspondente acometida soterrada para o abastecemento de enerxía, de acordo co artigo 11 desta ordenanza, tomando como orixe desta a do local. Quedan prohibidas as acometidas de gas, auga ou saneamento e a utilización de aparellos que requiran como combustible materias susceptibles de estourar ou inflamarse, ou que xeren substancias desa natureza.

23.5. A instalación eléctrica de alumeado para a terraza deberá reunir as condición que establece o Regulamento electrotécnico para baixa tensión. Os condutos quedarán aloxados en canalizacións soterradas. En ningún caso a iluminación poderá cegar ou producir molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade, debendo presentarse unha copia deste ao órgano competente para a concesión da autorización. De acordo cos resultados da revisión determinarase a conveniencia de continuar co funcionamento do pechamento estable, que deberá ser retirado de forma inmediata polo titular cando non supere a devandita revisión.

23.6. As terrazas con pechamentos estables non acaroadas á fachada do establecemento disporán de extintores adecuados e alumeado de emerxencia e de sinalización, que deben contar cun contrato de mantemento e revisión por empresa autorizada.

23.7. As licenzas outorgadas para a construción de pasos de vehículos suporán a diminución da superficie do pechamento estable, podendo motivar a revogación da autorización. Nestes casos, o titular non terá dereito a indemnización ou compensación ningunha.

23.8. Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios, deixando despexados en toda a súa largura máis de 60 centímetros a cada lado, medidos desde as couzoeiras das portas, nin dificultar a manobra de entrada ou saída nas pasaxes permanentes.

23.9. A distancia dos elementos do pechamento ao bordo da beirarrúa será como mínimo de 60 centímetros, podendo ser ampliada cando razóns de interese público o xustifiquen. Os alcouves e elementos axardinados existentes no espazo en que se instale o pechamento estarán totalmente libres e serán accesibles, para cuxo fin existirá una franxa mínima de 60 centímetros ao seu arredor totalmente despexada, medida desde o seu bordo exterior, que pode ser ampliada cando o interese público así o xustifique.

23.10. Deberá garantirse en todo momento o acceso ás paradas de transporte público regularmente establecidas e o uso das saídas de emerxencia, dos pasos de vehículos e de peóns e dos servizos municipais de acordo co indicado a seguir:

- a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude máis de un metro a cada lado.
- b) As saídas de emerxencia quedarán libres en todo o seu largo máis dun metro a cada lado.
- c) Os pasos de vehículos quedarán libres en todo o seu largo cando menos 50 cm. a cada lado, medido desde os seus extremos na aliñación do bordo.
- d) Manterase unha distancia de un metro en todo o seu perímetro aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, báculos de alumeado e outros servizos municipais, de modo que queden totalmente libres, se garanta en todo momento a súa función e se permitan os labores de mantemento.

Artigo 24. Equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo

Unicamente se autorizarán actuacións en directo nas terrazas amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais por aprobación expresa da Alcaldía, mediante decreto motivado, previo informe da Policía Local e con carácter puntual.

Artigo 25. Terrazas con pechamentos estables en espazos privados.

Para os efectos da presente ordenanza non computarán edificabilidade as instalacións en espazos privados que reúnan as seguintes condicións:

a) Que non teñan carácter anual, de modo que o tempo de duración da autorización non excederá de nove meses.

b) Que as súas características construtivas se correspondan con estruturas lixeiras, prefabricadas e carentes de cimentos.

Capítulo 3

Autorizacións

Sección primeira.- Disposicións xerais

Artigo 26. Transmisibilidade

26.1. As autorizacións para instalar terrazas transmitiranse conxuntamente coas licenzas dos establecementos principais, agás renuncia expresa do novo titular que deberá comunicarse ao Concello.

26.2. As autorizacións para a instalación e funcionamento das terrazas non poderán ser obxecto, en ningún caso, de arrendamento ou cesión independente.

Artigo 27. Período de funcionamento e prazo de solicitude

As autorizacións poderán ser anuais ou trimestrais, entendendo por trimestre os coincidentes coa distribución natural do ano.

Para tal fin as autorizacións serán:

- ATA autorización de terraza anual
- ATT autorización de terraza por trimestre.

27.2. A autorización das terrazas en chan privado non excederá de nove meses cando dispoñan de instalacións que non computen edificabilidade nos termos establecidos no artigo 25.

27.3. A autorización poderá ser solicitada en calquera momento, entendéndose que caso de solicitarse para o trimestre actual a autorización se outorgará para o tempo que reste desde a concesión deica o fin do período solicitado.

Artigo 28. Vixencia e renovación das autorizacións

28.1. A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

28.2. As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovaranse automaticamente se non se produce modificación ningunha e se ningunha das partes, administración municipal ou titular, comunica, a súa vontade contraria á renovación.

28.3. A Administración municipal manifestará a súa vontade contraria á renovación nos seguintes supostos:

a) De se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.

b) De se apreciar un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.

c) Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.

d) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

e) Cando a terraza poida supor molestia para os usuarios da vía pública ou para os servizos públicos.

28.4. Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia de cinco anos. Finalizado o período de vixencia, poderá solicitarse unha nova autorización. No entanto, poderá ser revocada antes da finalización deste período por razóns de interese público e sen dereito a indemnización.

Sección segunda. Procedemento

Artigo 29. Solicitante

Poderá solicitar autorización para a instalación dunha terraza o titular da licenza de actividade do establecemento.

Artigo 30. Documentación

30.1. As solicitudes de autorización que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a modificación dunha xa concedida irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia da licenza de apertura do establecemento ou referencia ao seu expediente de concesión ou transmisión, ou no seu caso, da comunicación previa ou declaración responsable.

b) Relación dos elementos que se pretendan instalar, con indicación expresa do seu número e bosquejos ou fotografías ou montaxes nos que se poidan apreciar as características, con expresa indicación do material, cores e logotipos.

c) Plano de situación da terraza dentro do espazo urbano a escala 1:500, no que se reflectirá a superficie a ocupar.

d) Planos de detalle a escala 1:100 con indicación de todos os elementos de mobiliario, así como a súa clase, número, dimensións, total de superficie a ocupar e colocación destes consonte determina o artigo 18. Así mesmo, sinalaranse as medidas correspondentes á fronte de fachada do establecemento e largura da beirarrúa e, se é o caso, as árbores, zonas axardinadas, mobiliario urbano municipal existente, rexistros e arquetas dos servizos municipais e de compañías de servizos.

e) Documento acreditativo da vixencia e de estar ao corrente no pagamento da póliza de seguros a que se refire o artigo 9.

f) Autoliquidación da taxa correspondente.

30.2. No caso de terrazas situadas en solo de titularidade privada incluírase, ademais, como documentación específica:

a) Acreditación da propiedade ou título xurídico que habilite para a utilización privativa do espazo.

b) Fotografías das fachadas próximas ao espazo pretendido para a situación da terraza.

30.3. Nas solicitudes de renovación das autorizacións concedidas no período de funcionamento precedente que impliquen modificacións puntuais soamente será preciso presentar a documentación que describa a modificación.

Artigo 31. Tramitación

A primeira instalación ou modificación desenvolverase consonte o seguinte procedemento:

31.1. Iniciarase mediante solicitude, en impreso normalizado que conterá polo menos os datos sinalados no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), ao que se xuntará a documentación prevista nesta ordenanza.

31.2. Para os efectos do cómputo dos prazos de tramitación considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.

31.3. Os servizos municipais disporán dun prazo de un mes para examinar a solicitude e a documentación presentada e, se é o caso, requirirán ao interesado para que no prazo de dez días emende a falta ou presente a documentación preceptiva, indicándolle que se non o fai entenderase que desistiu do seu pedimento e que, logo da resolución, se arquivará sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42.1 da LRX-PAC.

31.4. Unha vez completada a documentación, emitirase informe técnico e xurídico que finalizará con proposta nalgun dos seguintes sentidos:

a) De denegación.

b) De outorgamento, indicando se é o caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación proxeitada deberá cumprir para se axustar á normativa aplicable.

31.5. A resolución do órgano competente deberá producirse nun prazo non superior a dous meses contados desde o día seguinte á data na que se considere iniciado o expediente. Transcorrido este prazo sen que houbese resposta, entenderase que a autorización foi rexeitada.

TÍTULO II

Réxime disciplinario e sancionador

Capítulo 1

Restablecemento da legalidade

Artigo 32. Compatibilidade

32.1. As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados.

32.2. Non obstante, tanto nos procedementos de restablecemento da legalidade como nos sancionadores poderanse acordar medidas cautelares, como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do funcionamento da terraza, consonte o disposto na normativa sobre procedemento administrativo común.

Capítulo 2

Infraccións e sancións

Artigo 33. Infraccións

Serán infraccións as accións ou omisións que contraveñan o disposto nesta ordenanza.

Artigo 34. Suxeitos responsables

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións, así como os técnicos facultativos que redacten a documentación técnica ou certifiquen a estabilidade, conformidade coa normativa e a obra rematada.

Artigo 35. Clasificación das infraccións

As infraccións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

35.1. Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b) O incumprimento do horario de comezo ou de peche en menos de 1 hora.
- c) A falta de exposición do documento de autorización e do planop de detalle nun lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade.
- d) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e) A falta de veracidade na documentación asinada polo técnico facultativo, tanto no relativo aos materiais como ás dimensións, ou a incoherencia dos documentos coa realidade.
- f) O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

35.2. Son infraccións graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo de 1 ano cando así se declarase por resolución firme.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
- c) A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados, así como a utilización de materiais non idóneos.
- d) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- e) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- f) A carencia do seguro obrigatorio.
- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fóra do horario ao que se limitaran nos quioscos que os teñan autorizados.
- h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
- i) A non presentación do documento de autorización e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- j) O incumprimento da obriga de retirar ou recoller e amontoar o mobiliario da terraza ao finalizar o seu horario de funcionamento.
- k) A falta de veracidade na sinatura do técnico facultativo en canto a que non se correspondan as obras rematadas coa proposta pola que se autorizou.

35.3. Son infraccións moi graves:

- a) A instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
- b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
- c) A utilización de materiais non autorizados ou homologados.
- d) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- e) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.

f) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

Artigo 36. Sancións

A comisión das infraccións previstas nesta ordenanza levará emparellada a imposición das seguintes sancións previa tramitación do correspondente expediente.

- a) As infraccións leves sancionaranse cunha multa de ata 1.000 euros.
- b) As infraccións graves sancionaranse cunha multa de ata 3.000 euros, tanto ao solicitante como ao técnico facultativo, e a revogación da autorización se concorren as circunstancias agravantes previstas no artigo seguinte.
- c) As infraccións moi graves sancionaranse cunha multa de ata 6.000 euros, tanto ao solicitante como ao técnico facultativo, e revogación da autorización.

Artigo 37. Circunstancias modificativas da responsabilidade

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de tres infraccións da mesma natureza cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

Artigo 38. Procedemento

A imposición das sancións requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, que se substanciará consonte ao disposto na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento. O acordo de iniciación poderá ordenar a adopción de medidas provisionais que resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidera recaer, tales como a retirada das instalacións ilegais ou a suspensión do seu funcionamento.

Artigo 39. Autoridade competente

A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá ao órgano competente para conceder a correspondente autorización.

Artigo 40. Prescrición

Os prazos de prescrición das infraccións e sancións serán os previstos na lexislación xeral sobre procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Única. Habilitase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. As terrazas autorizadas con anterioridade acatarán o estipulado nesta ordenanza se ben no relativo a mobiliario, materiais, deseño e publicidade disporán dun prazo de dous anos contados dende o seguinte á súa entrada en vigor para adaptarse a esta.

Segunda. As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 20/05/2013, sendo este favorable.

O alcalde antes de dar a palabra salienta a labor realizada polo concelleiro de comercio e o consenso acadado na súa regulación cos hosteleiros e empresarios. Cree que é unha ordenanza moi completa que se trae a aprobación.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que todo o que sexa regular a relación cos usuarios e comerciantes para garantir o bo funcionamento e uso do dominio publico e demais parécelle correcto con ese consenso.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, D^a Jose Carlos Gey Hermo, di que que como sabe a representante do PP, esta ordenanza levouse á Mesa Local de Comercio, aínda despois houbo un par de reunións para pechar os últimos detalles. Asemade tratouse conxuntamente co aspecto fiscal. Neste texto régúlase os mais diversos aspectos nos diferentes núcleos, mobiliario, materiais, deseño, horarios. Caben autorizacións especiais en determinados supostos (eventos, festas...) en que se poden prorrogar. Concretaronse as cores azuis e gris, granate e gama dos brancos. Inclúense artigos sobre a limpeza, decoro e limitacións e sancións. Para rematar determinanse as infraccións e sancións. Cree que esta norma vai a axudar a que haxa esa homoxeneidade externa e claridade na súa regulación. Por último indica que se modificou o texto da disposición transitoria primeira para dar un tempo de adaptación aos que xa teñen terrazas en funcionamento.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que trátase dun elemento de mecer que cómpre regular para o seu desfrute en Rianxo para o agrado de todos, conxungando os diferentes intereses.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes (os 6 do BNG, 3 do PSdeG-PSOE e 4 dos membros do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5º.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 20, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

O Alcalde comenta a proposta que consta no expediente e facilitada aos concelleiros:

<< Sendo preciso contar cunha ordenanza reguladora das terrazas anexas a establecementos que se coloquen no Concello de Rianxo co fin de determinar os límites e condicións do uso común especial do dominio publico na maior parte delas e a vez acadar unha homoxeneidade deste tipo de instalacións, elaborouse un texto ao efecto.

Ligada a esa modificación da ordenanza reguladora das terrazas anexas a establecementos que se coloquen no Concello , compre modificar para axeitar os tipos e períodos impositivos aos supostos recollidos na proposta de Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso publico municipal con mesas, cadeiras, tribunais, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Neste sentido a modificación vai encamiñada a ampliar o período impositivo a todo o exercicio económico, así como o establecemento de diferentes cotas tributarias segundo a utilidade lucrativa que se entende para cada modalidade de instalación.

Visto o informe de intervención de data 7 de maio de 2.013.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, modificanse integramente o seu artigo quedando substituído polos seguintes artigos:

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a "Taxa pola ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa" que se rexeran pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que deriva da ocupación de terreos de dominio público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Artigo 3.- Suxeito pasivo contribuínte.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria, a cuxo favor concédanse autorizacións ou quen se beneficie da utilización ou aproveitamento si se leva a cabo sen a oportuna autorización.

Artigo 4.- Responsables.

4.1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42.1 parágrafos a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral tributaria.

4.2. Serán responsables subsidiarios as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.

5.1. O importe da taxa calcularase segundo os importes fixadas nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo a superficie ocupada pola utilización ou aproveitamento e os elementos a instalar, expresada aquela en metros cadrados.

5.2. Tarifas:

a. Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

i. **Mesas e cadeiras en terraza ordinaria:**

a.1.- De xaneiro a xullo, e de outubro a decembro:

A: Inclúe o núcleo urbano de Rianxo: 7,37 euros m2/trimestre
B: Inclúe o núcleo urbano de Taragoña: 6,73 euros m2/trimestre
C: Inclúe o núcleo urbano de Asados: 6,31 euros m2/trimestre
D: Inclúe o resto do municipio: 5,90 euros m2/trimestre

a.2- De xullo a setembro:

A: Inclúe o núcleo urbano de Rianxo: 12.28euros m2/trimestre
B: Inclúe o núcleo urbano de Taragoña: 11.22 euros m2/trimestre

C: Inclúe o núcleo urbano de Asados: 10,52uros m2/trimestre

D: Inclúe o resto do municipio: 9,82 euros m2/trimestre

ii. Mesas e cadeiras en terraza con pechamento estable:

A: Inclúe o núcleo urbano de Rianxo: 12.28 euros m2/trimestre

B: Inclúe o núcleo urbano de Taragoña: 111.22 euros m2/trimestre
--

C: Inclúe o núcleo urbano de Asados: 10.52 euros m2/trimestre

D: Inclúe o resto do municipio: 9,28 euros m2/trimestre

Normas de aplicación das tarifas: si o numero de metros cadrados de utilización ou aproveitamento non fose enteiro redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrucción ou deterioro da vía, o beneficiario, sen prexuízo, do pago da taxa conforme as tarifas establecidas neste artigo, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao deposito previo do seu importe.

Se os danos foran irreparables, o suxeito pasivo estará obrigado a indemnizar ao Concello en cuantía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados. Non se poderán condonar nin total nin parcialmente a indemnización ou os reintegros a que se refire este apartado.

1. Cando a utilización ou aproveitamento especial leve aparelada a destrucción da vía o beneficiario, sen prexuízo do pago desta taxa conforme as tarifas especificadas no apartado 3 anterior, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao deposito previo do seu importe.
2. Se os danos foran irreparables, o suxeito pasivo estará obrigado a indemnizar ao Concello en cuantía igual ao valor dos bens destruídos ao importe do deterioro dos danados. Non se poderán condonar nin total nin parcialmente a indemnización aos reintegros a que se refire este apartado.

Artigo 6º.- Período impositivo e devengo.

- 6.1. Cando a utilización ou o aproveitamento especial deba durar menos dun ano , o período impositivo coincidira con aquel determinado na autorización municipal, Neste caso , o devengo prodúcese no momento de solicitar a correspondente licencia. Esta non poderá ser concedida por un período inferior a un mes natural.
- 6.2. Cando a utilización ou o aproveitamento especial fora solicitada por períodos superiores a un ano, o período impositivo coincidira cos trimestres naturais do exercicio (xaneiro a marzo; abril a xuño; xullo a setembro; outubro a decembro), a taxa devengarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles.
- 6.3. Nos supostos de inicio da utilización privativa ou o aproveitamento especial, si o comezo da utilización ou aproveitamento non coincide co trimestre natural, a cota calcularase proporcionalmente ao numero de meses que resten para finalizar o mesmo incluíndo o do día do comezo. Neste suposto, o devengo da taxa producirase ao iniciarse a utilización privativa ou o aproveitamento especial.
- 6.4. No caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, as cotas serán prorrateadas por meses naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. A tal fin , os suxeitos pasivo poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se disfrute da utilización ou aproveitamento.
- 6.5. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o dereito a utilización ou aproveitamento do terreo de uso publico previsto nesta Ordenanza non se desenvolverá, se procedera a devolución do importe satisfeito.

Artigo 7.- Xestión, liquidación e ingreso.

- 7.1. As persoas ou entidades interesadas na concesión das utilizacións ou aproveitamentos gravados segundo o disposto nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia,

realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración na que conste a superficie de utilización ou aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

- 7.2. Os servizos técnicos municipais do Concello comprobaran e investigaran as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atoparse diferencias cas peticións de licencias, si se deran diferencias, notificaranse as mesmas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e , no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.
- 7.3. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución do importe ingresado.
- 7.4. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se abone o depósito previo a que se refire o artigo seguinte e se obtivera a correspondente autorización polos interesados.
- 7.5. Unha vez autorizada a ocupación se entenderá prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se pretende baixa xustificada polos interesados ou polos representantes.
- 7.6. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar a anulación da autorización.
- 7.7. Nos supostos de utilización ou aproveitamento especial continuados a taxa, que ten carácter de tributo periódico, notificarase individualmente ao solicitante no momento no que se produza a alta no rexistro de contribuíntes. Nos exercicios sucesivos, notificarase colectivamente, mediante exposición pública do Padrón no taboleiro de anuncios do Concello.
- 7.8. O pago da taxa realizarase:

a) tratándose de novas utilizacións ou aproveitamentos con duración limitada por ingreso directo nas entidades bancarias colaboradoras do Concello de Rianxo, no momento de solicitar a autorización. Tendo este ingreso carácter de depósito previo, ao abeiro do artigo 26.1.a) do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, quedando elevado a definitivo ao concederse a autorización correspondente.

b) tratándose de concesións xa autorizadas, e unha vez abonado o primeiro trimestre natural no que se solicita a alta ca correspondente solicitude, incluírase nun Padrón trimestral desta taxa que será abonado nas oficinas municipais, nos primeiros dez días de cada trimestre natural (Entre o 1-10 de xaneiro, 1-10 de abril, 1-10 de xullo e 1-10 de outubro).

Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, en cuxo caso ordenarase o cargo na conta bancaria durante o período de pago en voluntario anterior.

Artigo 10.-Infraccións e sancións.

10.1. En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como as sancións que as mesmas corresponderan no seu caso, aplicaranse as normas contidas na Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria, e no Real Decreto 2063/2004 de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario.

10.2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

Segundo.- Expoñe-lo ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinalo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIOAMBIENTE do día 20/05/2013, sendo este favorable.

DEBATE:

O alcalde pásalle a palabra a Gey que comenta que ata o dea gora se devengaba unicamente de xuño a setembro pero coa nova normativa de fumadores tense incrementado o uso das terrazas así que considérase necesario ampliar o prazo de autorización de xeito que haberá devengo anual ou por períodos.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que se absterán neste punto.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que era preciso resolver as lagoas existentes e permitir o uso de terrazas noutras épocas do ano non veraniegas, sendo aceptable as novas tarifas en termos económicos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo APROBADA por unanimidade dos 13 membros presentes (os 6 do BNG, 3 do PSdeG-PSOE e 4 dos membros do PP) dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 20:37 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo